

Xoves, 12 de decembro de 2019

Núm. 238

OUTRAS ENTIDADES

ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DE PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS
E EXPOSICIÓNS DE PONTEVEDRA DE CREACIÓN DE SELO ELECTRÓNICO*

ANUNCIO

En data 27 de novembro de 2019 ditouse a seguinte resolución:

*“RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS
DE PONTEVEDRA DE CREACIÓN DE SELO ELECTRÓNICO*

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recolle coas adaptacións necesarias, as normas de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, no relativo ao funcionamento electrónico do sector público.

Así, regula no seu artigo 40 os sistemas de identificación das Administracións públicas, indicando que poderán identificarse mediante o uso dun selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica. Os certificados de selo electrónico son necesarios para garantir a autenticidade e integridade dos datos asinados electronicamente.

Por outra parte o artigo 41 define as actuacións administrativas automatizadas como calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración Pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñera de forma directa un empregado publico. Recoñecendo no apartado a) do artigo 42, que cada administración pública poderá determinar os supostos de utilización de selo electrónico de administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado en certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica.

No rexistro electrónico presencial, para os efectos de constancia da imaxe da documentación achegada polos interesados e de axilizar a tramitación desta, dixitalízase a documentación presentada que no momento de incorporarse ao asento rexistral correspondente, asíñase con selo de órgano de forma desatendida, así mesmo, toda factura presentada a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACE), producirá unha entrada automática no correspondente rexistro electrónico, que precisa dun selo de órgano para a identificación do organismo, a descarga da documentación, e a actualización dos rexistros da mencionada plataforma.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:HZ9RLH1YFH88MONN



Xoves, 12 de decembro de 2019

Núm. 238

A competencia para ditar a presente resolución recae na presidencia do organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, María del Carmen Fouces Díaz, por delegación de alcaldía do 15 de xuño de 2019 en virtude do competencia artigo 11 letra m) dos seus estatutos, polo que

RESOLVE:

Primeiro.—A creación do selo de órgano da Secretaría do Pazo de Congresos e exposicións de Pontevedra, como sistema de identificación e sinatura electrónica para a emisión dos xustificantes e a constancia da imaxe da documentación achegada polos interesados no rexistro presencial e para as actuacións administrativas automatizadas de rexistro e descarga de facturas coas seguintes características:

a) A responsabilidade, tanto da súa utilización como a efectos de impugnación corresponderá ao Organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, e a súa xestión á secretaría.

b) As características técnicas xerais do sistema de sinatura e certificados aplicable son as que constan na Declaración de Prácticas de Certificación aprobada pola entidade emisora do certificado electrónico.

c) a verificación do certificado poderá facerse a través do Centro de Transferencia de Tecnoloxías, accesible dende o enderezo electrónico <https://valide.redsara.es>.

Segundo.—Ó selo electrónico da Secretaría do Pazo de Congresos e Exposicións empregárase para a devolución do xustificante e a constancia da imaxe da documentación presentada no rexistro electrónico presencial, así como para a descarga das facturas presentadas mediante a plataforma FACe.

Terceiro.—A presente resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Así o ordena e dispón a presidencia do organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra, do que da fe a secretaría.

Pontevedra, 27 de novembro de 2019”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos,

Pontevedra, 2 de decembro de 2019

María del Carmen Fouces Díaz

